Da Corentena á desescalada

Diario colectivo dun confinamento escolar

Confinad@s

Case que coma se dunha apocalipse se tratase,
parecía unha ficción
que nos colleu de sorpresa
pechad@s nunha prisión de tensión.
Tan lonxe e tan cerca,
tan limitad@s e tan creativ@s,
tan difícil e tan fácil

A corentena é un bo método para evitar o contaxio.
no aburrimento, na desconexión, na frustración,
na morriña, na ansiedade, na nostalxia, na tristeza.
É un cárcere mental,
paciencia infinita,
privación da liberdade.
Pensamos que todo isto non tiña fin,
aborreceunos moitísimo, estresounos.
Pensamos que ía ser peor.

A corentena foi un tempo de parar,
unha experiencia
dura, tranquila, amena e aburrida,
Foi un momento triste para reflexionar
sobre este ano e os anos pasados,
ver a vida doutra maneira,
nervios@s e con medo do futuro

Sentimos preocupacións pol@s nos@s
con medo polo que podía pasar.
Sentimos impotencia, coma un paxaro encerrado
sen poder saír ao mundo exterior.
Sentiámonos coma lagartos saíndo á ventá
para buscar aire fresco
Sentiámonos coma leóns no zoo
Sentimos e seguimos sentindo
moita mágoa.
Sentímonos engaiolados,
apagados,
antisociais.

Co paso dos días botamos de menos
a normalidade nas nosas vidas,
os bicos d@s que queremos.
Tanto tempo sen abrazar aos teus doe
no corazón, profundamente.
Sen saír e poder tomar
libremente o aire.
Complicado é estar só facendo tarefas
e vendo a tele
e algúns profes
pásanse coas tarefas.



A pandemia é inimiga do deporte,
o confinamento é on-line.
Afectounos non poder ver e falar
cara a cara coa xente,
serviunos para relacionármonos máis
cos da casa,
valorar máis @s amig@s.
Aprendemos cousas sobre nós
que antes nin sabiamos.

Desencalando

Por favor, coidado na rúa,
aínda morre moita xente.

A desescalada avanza lenta, amodiño.
Nós imos tomala con calma,
non queremos volver atrás,
preferimos ter coidado,
retomaremos a vida despacio.
Queremos facer as cousas ben.
Queremos que tod@s se recuperen.
Que tod@s estean sans.
Non seremos idiotas, irresponsables,
que non falte rúa para tantos pés
Só se nos pide ser cidadáns,
e non imos ser menos.

Desexamos voltar a unha normalidade
que xa non vai existir.
O noso desexo é poder ver a toda esa xente
que botamos tanto de menos.
O primeiro que faremos será
abrazar os nosos avós,
as nosas amizades,
@s nos@s moz@s,
Gustaríanos abrazalos sen distancia,
volver a estar rodeados de xente
coa que rir, falar e discutir.
Facer deporte e recuperar a forma.

Agora podemos sorrir un pouco máis.
Temos ganas de saír da nosa cela e ser libres,
xogar coa bóla ata non ter suspiro.
Cando poidamos
sairemos das nosas casas tanto coma estivemos nelas,
sairemos de viaxe
sen restricións.
Teremos en conta os pequenos detalles coa xente.

Haberá un antes e un despois,
nada voltará a ser igual
por un longo tempo.
Xuntos de novo, libres de novo, a salvo de novo.
Imos saír ben!
Levantaremos a crise que está a vir.
Seremos xeneros@s, colaboradores, coidados@s.

Sentido común,
2 m,
máscara,

a nova normalidade é comezar algo novo...



© *Da corentena á desescalada. Diario colectivo dun confinamento escolar.*
Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística
LETRAS GALEGAS 2020

IES RIBEIRA DO LOURO
Ribeira, s/n – Torneiros, 36410 O PORRIÑO
Telf.: 986 33 39 56 – Fax: 986 33 37 84

Abrahám Pérez

Adam Aboujaafar Nahil

Adrián Domínguez Novo

Alejandro Alves Martínez

Alejandro Gómez

Alejandro Pereiro López

Alexia Paz

Amanda Conde Lago

Ángela Gil

AntíaLorenzo

Anxo Canitrot Varela

Anxo Rial Gil

Anxo Souto González

Arantxa Fernández Gonçálves

Aroa Bande

Débora Borja Borja

Érika Álvarez Oliveira

Érika Fernández

Manuel Costa Rocha

Marcos González Freiría

Nicolás Miguélez Blanco

Noé Pérez

Pablo Lago Ramírez

Paula González

Rocío Fernández Álvarez

Rosi Alonso

Érika Pedreira Gutiérrez

Eva Valcárcel Otero

Gemma Alonso Lorenzo

Iago Blanco

Iago Lorenzo Sequeiros

Iker Otero

Iria Graña Rivera

Ismael Fernández Rodríguez

Jacobo González

Javier Pérez Rocha

Jorge Cortés Martínez

Katia Alén Pérez

Kiara Vázquez

Leonardo Martín Castro Fernández

Lía Andrés Fernández

Loli Sestelo Pena

Loredana González

LucíaRodríguez

Saray Pereiro Pérez

Selena Silva Hoffmann

Sergio Nogueira

Shaila Baliñas Novo

Uxía Maceira

Xosé Luís Vaqueiro Méndez

Yago Casás